

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32016455	IES Julio Prieto Nespereira	Ourense	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Lingua galega e literatura II	2º Bac.	3	87

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	10
4.1. Concrecións metodolóxicas	22
4.2. Materiais e recursos didácticos	26
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	28
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	29
6. Medidas de atención á diversidade	30
7.1. Concreción dos elementos transversais	33
7.2. Actividades complementarias	34
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	35
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	37
9. Outros apartados	39

1. Introducción

A materia de Lingua Galega en segundo de bacharelato presenta uns fins determinados de acordo aos obxectivos desta etapa. Por unha banda, preténdese mellorar a eficacia comunicativa do alumnado na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal e pola outra, favorecer un uso ético da linguaxe.

Os obxectivos de Lingua Galega e Literatura neste curso marcan unha progresión a respecto dos da etapa anterior. Hai agora unha maior conciencia teórica e metodolóxica para analizar a realidade, así como unha mobilización dun conxunto maior de coñecementos, articulados a través de instrumentos de análise que axudan a construír e a estruturar o coñecemento explícito sobre os fenómenos lingüísticos e literarios tratados. Proponse tamén favorecer unha aproximación ampla á cultura, que incida nesta etapa na relación continua entre o pasado e o presente.

Os criterios de avaliación e os contidos distribúense en catro bloques. En primeiro lugar, «As linguas e os seus falantes» recolle diferentes aspectos sociolingüísticos, facendo fincapé na diversidade lingüística subliñando os fenómenos que se producen no marco do contacto entre linguas e as diferenzas entre variedades dialectais, sociolectos e rexistros, co fin de combater de maneira argumentada prexuízos e estereotipos lingüísticos. O segundo bloque, «Comunicación» abarca os saberes implicados na comunicación oral e escrita e a alfabetización informacional e mediática, vertebrándoos ao redor da realización de tarefas de produción, recepción e análise crítica de textos, con especial atención á produción de textos académicos e á recepción crítica de textos procedentes dos medios de comunicación, así como aos procesos de investigación que han de acompañar ambos os desempeños. O terceiro bloque, «Educación literaria» procura consolidar o hábito lector do alumnado, incrementar a súa capacidade para interpretar textos literarios e realizar un achegamento ao contexto histórico-cultural comprendido entre a época das Irmandades da Fala e a actualidade. O cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», pretende acometer a aprendizaxe sistemática da gramática a través de procesos de indagación, establecendo unha relación entre coñecemento gramatical explícito e uso da lingua, a partir da reflexión e da comunicación de conclusións coa metalinguaxe adecuada.

Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso, cómpre tamén salientar a incorporación de nocións básicas das linguas da Península Ibérica.

A proposta didáctica que se presenta para segundo de bacharelato está articulada arredor de nove unidades didácticas cuxos títulos gardan relación con obras literarias da época que se estuda en cada unidade, agás no caso da primeira.

Abórdanse en todas elas os catro bloques de contidos e están articuladas segundo a Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Convén sinalar que cada unidade comeza cunha lectura, pois esta é un elemento de gran relevancia nesta programación didáctica. Nestas lecturas de apertura das unidades adoitan tratarse diferentes elementos transversais e nalgúns casos, empregamos textos de autores procedentes da contorna do alumnado ou ben, relatos contextualizados no Concello de Bueu para este se vexa identificado e participe da historia que se conta, o que á súa vez redundará nunha maior motivación das/os estudantes.

Neste curso o alumnado elaborará tres proxectos, dous na segunda avaliación e un na terceira. Así, na cuarta unidade realizarán un proxecto de creación literaria de microrrelatos para seren despois publicados (por medio de códigos QR) nas redes sociais do EDLG. Na sexta unidade, o alumnado elaborará un proxecto de investigación consistente nunha presentación multimodal na que establecerá vínculos intertextuais entre obras galegas e lusófonas desta época en función de temas e tópicos. Por último, na novena unidade o alumnado confeccionará, en grupo, un pequeno proxecto de investigación sobre as oracións compostas por subordinación utilizando a terminoloxía lingüística vista nas unidades anteriores que expoñerá, posteriormente, perante o resto de compañeiras/os.

Finalmente, hai que indicar que as lecturas obrigatorias propostas para cada trimestre corresponden a diferentes temáticas, autores e xéneros literarios. No primeiro trimestre lerán un ensaio sobre a vangarda galega; no segundo, unha obra de teatro pertencente á literatura galega do exilio e no terceiro trimestre, unha novela do século XXI.

Neste curso non podemos vivir alleos á realidade do noso alumnado que, en xuño, se terá que enfrontar a unhas probas de prelación como son as ABAU, con repercusión no seu futuro profesional, o cal condiciona que se incida máis ou menos no desenvolvemento de determinados aspectos da programación.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e a riqueza dos bloques e áreas dialectais do galego, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural.	1-5	2-3				1-2		1
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer.	2	2	1	2-3	40	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais, como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2		
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade, para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	40	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	50	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, cun punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas.	3			1-2-3-4	40	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e partillar experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	11			2-31-32
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras relevantes do patrimonio galego, lusófono e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-31-32-42
OBX9 - Consolidar e afondar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica.	1-2	2	1-2		50			
OBX10 - Pór as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe.	1-5	3		3	31	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	UNIDADE 1: Alba non é Alba, é Álvaro.	<p>As primeiras sesións desta unidade están destinadas á realización dunha avaliación inicial para ver os coñecementos de Lingua Galega que posúe o alumnado. Estudaranse as variedades dialectais do galego e haberá unha aproximación ao estudo das linguas da Península Ibérica. Veranse as unidades comunicativas: texto e enunciado e tamén as propiedades textuais (coherencia, cohesión, adecuación e informatividade).</p> <p>Abordarase a literatura galega do primeiro terzo do século XX (de 1916 a 1936): As Irmandades da Fala, a revista Nós e o Seminario de Estudos Galegos. Levarase a cabo unha panorámica xeral da segunda República e do partido Galeguista. Traballarase na aula lecturas desta época con perspectiva de xénero para visibilizar o universo feminino.</p> <p>Procederase ao estudo da Fonética e da Fonoloxía do galego. Verase a caracterización dos fonemas vocálicos e consonánticos.</p>	10	10	X		
2	UNIDADE 2: Con anacos do meu interior.	<p>Tratamento das variedades xeográficas ou diatópicas; das variedades sociais ou diastráticas e por último, das variedades situacionais ou diafásicas. Estudaranse os textos orais do ámbito educativo. O alumnado asistirá a unha conferencia sobre a toponimia galega no concello de Bueu na que terá que recoller o sentido global da información que se transmite, analizar a relación entre as súas partes, selecciónala, reter os contidos relevantes e analizar a intención do emisor. Valorará se existen usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, abusos a través da palabra e usos manipuladores da linguaxe.</p> <p>Estudarase a poesía galega de vangarda. Haberá unha lectura obrigatoria dun ensaio literario sobre a biografía e obra dun poeta da época de vangarda, estableceranse vínculos entre a obra lida e outras obras de actualidade.</p> <p>Estudarase a clasificación das sílabas; así como os conceptos de ditongo, tritongo e hiato. Máis tarde abordaranse os conceptos de acento e entoación.</p>	10	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	UNIDADE 2: Con anacos do meu interior.		10	10	X		
3	UNIDADE 3: Os camiños da vida.	<p>Tratamento pomenorizado das variedades xeográficas da lingua galega. Estudaranse as características dos tres bloques dialectais e veranse os trazos das áreas de cada un deles.</p> <p>Trataranse as características da argumentación oral formal e o alumnado deberá realizar un discurso deste tipo sobre un tema de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias deste xénero discursivo e debe facelo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e co rexistro adecuado, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.</p> <p>Estudarase a prosa do primeiro terzo do século XX e, nomeadamente, o Grupo Nós. Tamén se abordará o teatro no primeiro terzo do século XX. O alumnado acudirá á biblioteca do seu centro para buscar obras do Grupo Nós e leranse algúns fragmentos daquelas máis representativas nas que poidan compartir a súa experiencia lectora.</p> <p>Estudarase a estrutura e as clases de palabras, a formación de palabras, as familias léxicas e os desvíos léxicos.</p>	10	9	X		
4	UNIDADE 4: O soño sulagado.	<p>Comezarase a unidade abordando o concepto de variedade estándar, como foi a súa fixación e cal foi o proceso de normativización do galego moderno.</p> <p>A seguir, ensinaranse estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.</p> <p>Continuarase co estudo dos xéneros discursivos do ámbito social. Reflexionarase sobre o que son as fake news nas redes sociais ou noticias falsas.</p> <p>Estudarase a prosa entre 1936 e 1976 (a narrativa e o ensaio).</p> <p>Realizarase un proxecto de creación literaria de microrrelatos para seren despois publicados (por medio de códigos QR) nas redes sociais do EDLG.</p> <p>Pescudaranse obras da literatura galega e lusófona do período comprendido entre 1936 e 1976 que constitúan precedentes.</p> <p>Esta é tamén unha unidade de introdución á semántica. Veranse os conceptos de significado, denotación e connotación; así como os diversos tipos de significado que existen (léxico, categorial, instrumental, sintáctico ou estrutural e óntico).</p>	10	10		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	UNIDADE 5: A soldadeira.	<p>Abordarase a presenza que ten o galego nos medios de comunicación contrastando diferentes xornais existentes, tanto en formato dixital coma impreso e tamén se fará unha análise da súa concorrencia nas redes sociais.</p> <p>Estudaranse as características dos textos académicos e a súa tipoloxía. O alumnado elaborará unha monografía de compilación, por parellas, que publicará posteriormente na revista dixital do centro atendendo á corrección gramatical e ortográfica. Este será o traballo que deberán presentar para a segunda avaliación.</p> <p>Estudo da Nova Narrativa Galega e da literatura galega no exilio. O alumnado lerá unha peza teatral pertencente á literatura galega do exilio. Establecerán vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.</p> <p>O alumnado localizará os verbos e as perífrases verbais existentes nun fragmento dunha obra narrativa da época literaria que se estuda nesta unidade e que lle será achegado pola/o docente.</p>	10	10		X	
6	UNIDADE 6: O cabodano.	<p>Tratamento dos estereotipos e prexuízos lingüísticos.</p> <p>Veranse as principais estruturas textuais (narrativa, expositiva, persuasiva ou dialogada e poética). A seguir, o alumnado elaborará un ensaio de carácter expositivo atendendo ao uso axeitado das formas verbais como procedementos de cohesión do texto, á corrección lingüística, aos signos de puntuación e á revisión ortográfica e gramatical deste.</p> <p>No ámbito literario, estudarase o teatro galego entre 1936 e 1976. O alumnado elaborará unha presentación multimodal na que establecerá vínculos intertextuais entre obras galegas e lusófonas desta época.</p> <p>Estudo das diferentes perífrases verbais do galego; de xeito que ao remate da unidade o alumnado deberá clasificar os distintos tipos de perífrases que hai nun fragmento dun texto teatral do século XX que lle achegará a/o docente.</p> <p>Finalizarase esta unidade cun repaso do que son as unidades e funcións sintácticas (a frase e a oración).</p>	10	9		X	
7	UNIDADE 7: O puño e a letra.	Haberá unha aproximación ao estudo das linguas da Península Ibérica. Estudaranse	10	10			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	UNIDADE 7: O puño e a letra.	<p>as semellanzas e diferenzas lingüísticas e discursivas máis salientables entre estas linguas, contrastándooas en manifestacións orais, escritas e multimodais.</p> <p>A partir dun artigo científico achegado pola/o docente, o alumnado identificará o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura</p> <p>A poesía de 1976 á actualidade. O alumnado realizará de xeito individual un booktráiler que divulgará nunha rede social sobre un poema desta época.</p> <p>Continuando co estudo da sintaxe iniciado no curso anterior, nesta unidade estudaranse todos os tipos de unidades e estruturas sintácticas, con especial atención ás oracións compostas por subordinación (subordinadas substantivas, subordinadas adxectivas ou de relativo, subordinadas adverbais).</p>	10	10			X
8	UNIDADE 8: Senlleiras.	<p>Nesta unidade o alumnado contrastará os trazos lingüísticos distintivos do galego e do portugués.</p> <p>Continuarase co estudo dos xéneros discursivos do ámbito social. Estudarase a entrevista como exemplificación dun xénero discursivo característico dos medios de comunicación.</p> <p>Estudarase a prosa de 1976 á actualidade. O alumnado será avaliado da lectura dunha novela do século XXI na que terá que establecer conexións con outras obras da tradición literaria galega que vimos neste curso. Utilizará información sociohistórica e cultural para interpretar esa novela e comprender o seu lugar na tradición literaria.</p> <p>Localizará as funcións sintácticas en oracións compostas por subordinación, a partir de exemplos achegados pola/o docente.</p>	10	10			X
9	UNIDADE 9: Fillos do sol.	<p>Nesta unidade estudaranse estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos. O alumnado valorará o contido e a forma de textos científicos avaliando a súa calidade e fiabilidade.</p> <p>Elaborará un traballo de investigación que publicará na revista dixital do centro educativo sobre o futuro da lingua galega en 2050 localizando, seleccionando e</p>	20	9			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	UNIDADE 9: Fillos do sol.	<p>contrastando información de diferentes fontes. Atenderá á corrección gramatical e ortográfica.</p> <p>Procurará de xeito autónomo e seleccionará a información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia.</p> <p>Abordarase o estudo do teatro de 1976 á actualidade. As/os estudantes analizarán os elementos constitutivos do teatro desta época.</p> <p>Confeccionarán, en grupo, un pequeno proxecto de investigación sobre as oracións compostas por subordinación utilizando a terminoloxía lingüística vista nas unidades anteriores que expoñerán, posteriormente, perante o resto de compañeiras/os.</p>	20	9			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	UNIDADE 1: Alba non é Alba, é Álvaro.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos destas linguas en manifestacións orais, escritas e multimodais, diferenciando os trazos de lingua que responden á diversidade dialectal dos que se corresponden con sociolectos ou rexistros.	Recoñece as variedades dialectais do galego.		
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais especializados propios de diferentes ámbitos analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Distingue as unidades comunicativas e aplica con corrección as propiedades textuais (coherencia, cohesión, adecuación e informatividade).	PE	100
CA3.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Interpreta fragmentos de obras do primeiro terzo do século XX (de 1926 a 1936).		
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Sabe caracterizar os fonemas vocálicos e consonánticos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego. - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos. - Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias. - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversas literarias. - Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo feminino. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

UD	Título da UD	Duración
2	UNIDADE 2: Con anacos do meu interior.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos destas linguas en manifestacións orais, escritas e multimodais, diferenciando os trazos de lingua que responden á diversidade dialectal dos que se corresponden con sociolectos ou rexistros.	Recoñece as variedades xeográficas, as variedades sociais e as variedades situacionais.	PE	100
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Recolle o sentido global da información que se transmite nunha conferencia sobre a toponimia galega no concello de Bueu. Analiza a intención do emisor. Valora se existen usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, abusos a través da palabra e usos manipuladores da linguaxe.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Recoñece os trazos distintivos da poesía galega de vangarda en textos da época achegados pola/o docente.		
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluíndo o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Realiza a lectura dun ensaio literario sobre a biografía e obra dun poeta da época de vangarda e interpreta pasaxes deste.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Establece vínculos entre o ensaio literario lido nesta unidade e outras obras de actualidade.		
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Identifica ditongos, tritongos e hiatos nun texto en prosa proporcionado pola/o docente.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias avanzadas da reflexión interlingüística e sociolingüística. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto. - Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Selección das obras relevantes, incluíndo o ensaio literario e formas actuais de produción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuitos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas. - Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - A lingua como sistema interconectado tendo en conta os diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.

UD	Título da UD	Duración
3	UNIDADE 3: Os camiños da vida.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos destas linguas en manifestacións orais, escritas e multimodais, diferenciando os trazos de lingua que responden á diversidade dialectal dos que se corresponden con sociolectos ou rexistros.	Distingue os trazos diferenciadores dos tres bloques dialectais (occidental, central e oriental).	PE	100
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais extensas e nas que se recollan diferentes puntos de vista, con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo e facelo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza unha argumentación oral formal sobre un tema de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias deste xénero discursivo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e co rexistro adecuado, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.		
CA3.4 - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Acode á biblioteca do seu centro para buscar textos do Grupo Nós e le algúns fragmentos das obras máis representativas. Comparte a súa experiencia lectora e establece vínculos con outras obras.		
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Distingue palabras simples, derivadas, compostas e parasintéticas. Diferencia os procedementos de formación de palabras.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Diferenzas entre os trazos propios das variedades dialectais (fónicos, gramaticais e léxicos) e os relativos aos sociolectos e os rexistros. - Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Producción oral formal: planificación e procura de información, redacción e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo da exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. - Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Participación activa no circuito literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo, e valores éticos e estéticos das obras. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
4	UNIDADE 4: O soño sulagado.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, atendendo á diversidade de normas cultas e estándares que se dan nunha mesma lingua, así como analizando e valorando a relevancia actual dos medios de comunicación e das redes sociais nos procesos de normalización lingüística.	Coñece o proceso de normativización do galego moderno e é quen de argumentar sobre a importancia da normativización no desenvolvemento das linguas modernas.	PE	100
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Aplica estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística nas interaccións orais.		
CA2.6 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Reflexiona sobre o que son as fake news ou noticias falsas que aparecen nas redes sociais e adoitan interesar a moito público co obxectivo de desacreditar a algunha persoa ou institución e conseguir visitas cun fin económico. É quen de identificalas e atopar as fontes fidedignas adecuadas.		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre as obras da literatura galega dos séculos XX e XXI obxecto de lectura guiada e outros textos, como algunha mostra do ámbito lusófono, e manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Realiza un proxecto de creación literaria de microrrelatos para seren despois publicados (por medio de códigos QR) nas redes sociais do EDLG.		
CA4.2 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Distingue os diversos tipos de significado que existen (léxico, categorial, instrumental, sintáctico ou estrutural e óntico).		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Indagación e explicación dos conceptos de norma culta e estándar, atendendo á súa utilidade e á súa diversidade na lingua galega. - Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e medios de comunicación. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter formal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. - Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias. - Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
5	UNIDADE 5: A soldadeira.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, atendendo á diversidade de normas cultas e estándares que se dan nunha mesma lingua, así como analizando e valorando a relevancia actual dos medios de comunicación e das redes sociais nos procesos de normalización lingüística.	Contrasta, en diferentes xornais, tanto en formato dixital coma impreso, a presenza que ten o galego e fai unha análise da súa concorrencia nas redes sociais.	PE	100
CA2.5 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle, e de redacción e revisión de borradores entre iguais ou utilizando outros instrumentos de consulta.	Elabora unha monografía de compilación, por parellas, que publicará posteriormente na revista dixital do centro atendendo á corrección gramatical e ortográfica. Este será o traballo que deberán presentar para a segunda avaliación.		
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluíndo o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Le unha peza teatral pertencente á literatura galega do exilio. Establece vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Domina a información sociohistórica, cultural e artística da época correspondente á Nova Narrativa Galega e da literatura galega do exilio.		
CA4.2 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Localiza os verbos e as perífrases verbais existentes nun fragmento dunha obra narrativa da época literaria que se estuda nesta unidade que lle será achegado pola/o docente.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os medios de comunicación e as redes sociais nos procesos de normalización lingüística. - Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo Os textos académicos. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Produción escrita: elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.

Contidos

- Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
- Selección das obras relevantes, incluíndo o ensaio literario e formas actuais de produción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas.
- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuitos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.
- Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).

UD	Título da UD	Duración
6	UNIDADE 6: O cabodano.	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Recoñece estereotipos e prexuízos lingüísticos en textos achegados pola/o docente.		
CA2.6 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Elabora un ensaio de carácter expositivo atendendo ao uso axeitado das formas verbais, á corrección lingüística, aos signos de puntuación e á revisión ortográfica e gramatical deste.	PE	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre as obras da literatura galega dos séculos XX e XXI obxecto de lectura guiada e outros textos, como algunha mostra do ámbito lusófono, e manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Elabora unha presentación multimodal na que establece vínculos intertextuais entre obras galegas e lusófonas desta época en función de temas e tópicos.		
CA4.2 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Clasifica os distintos tipos de perífrases que hai nun fragmento dun texto teatral do século XX que lle achegará a/o docente		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatalos. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais. - Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado. - Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias. - Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).

UD	Título da UD	Duración
7	UNIDADE 7: O puño e a letra.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos destas linguas en manifestacións orais, escritas e multimodais, diferenciando os trazos de lingua que responden á diversidade dialectal dos que se corresponden con sociolectos ou rexistros.	Contrasta, en manifestacións escritas, as diferenzas lingüísticas máis salientables entre as linguas da Península Ibérica.	PE	100
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais especializados propios de diferentes ámbitos analizando a interacción entre os diferentes códigos.	A partir dun artigo científico achegado pola/o docente, o alumnado identifica o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura		
CA3.7 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Realiza, de xeito individual, un booktráiler que divulgará nunha rede social sobre un poema que poderá escoller (de entre os publicados dende 1976 á actualidade). No booktráiler dará a súa opinión atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Identifica, en textos en prosa achegados pola/o docente, oracións compostas por subordinación (subordinadas substantivas, subordinadas adxectivas ou de relativo e subordinadas adverbais).		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Semellanzas e diferenzas lingüísticas e discursivas máis salientables entre as linguas da Península Ibérica, contrastándoas en manifestacións orais, escritas e multimodais. - Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo Os textos académicos. - Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
8	UNIDADE 8: Senlleiras.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Contrasta os trazos lingüísticos distintivos do galego e do portugués.		
CA2.7 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor nunha entrevista.		
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluíndo o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Le e interpreta fragmentos dunha novela do século XXI na que terá que establecer conexións con outras obras da tradición literaria galega que vimos neste curso.	PE	100
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Utiliza información sociohistórica e cultural para interpretar esa novela e comprender o seu lugar na tradición literaria.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Localiza as funcións sintácticas en oracións compostas por subordinación, a partir de exemplos achegados pola/o docente.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias avanzadas da reflexión interlingüística e sociolingüística. - Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e medios de comunicación. - Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Selección das obras relevantes, incluíndo o ensaio literario e formas actuais de produción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuitos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.

Contidos

- Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
9	UNIDADE 9: Fillos do sol.	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social.	Detecta prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos.		
CA2.8 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valora o contido e a forma de textos científicos avaliando a súa calidade e fiabilidade.		
CE2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, con especial atención á xestión do seu almacenamento e recuperación, así como á avaliación da súa fiabilidade e pertinencia; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	Elabora un traballo de investigación que publicará na revista dixital do centro educativo sobre o futuro da lingua galega en 2050 localizando, seleccionando e contrastando información de diferentes fontes. Atenderá á corrección gramatical e ortográfica utilizando ferramentas dixitais.	PE	60
CE2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análises, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte aos posibles nesgos da información.	Procura de xeito autónomo e selecciona a información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia.		
CA3.8 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Analiza os elementos constitutivos do teatro de 1976 á actualidade e a súa relación co sentido da obra.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital.	Elabora, en grupo, un pequeno proxecto de investigación sobre as oracións compostas por subordinación utilizando a terminoloxía lingüística vista nas unidades anteriores e que expoñerá, posteriormente, perante o resto de compañeiras/os.	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da lin-guaxe. Valoración da forma e o contido do texto. - Produción escrita: elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. - Alfabetización mediática e informacional: procura autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas pro-pios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira cre-ativa e respectuosa coa propiedade intelectual. A xestión de contidos, o almacenamento e a recuperación da información relevante. Noticias falsas e verificación de feitos. - Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias. - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta en soporte analóxico e dixital para obter información gramatical de carácter xeral.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Antes de comezar cada unidade, segundo a indicación do pedagogo galego, Miguel Vázquez Freire, trataranse de pescudar na aula os coñecementos previos do alumnado, para relacionalos progresivamente cos novos contidos que se impartan, só así se poderá conseguir unha aprendizaxe significativa e construtiva na que os novos coñecementos e o proceso de aprendizaxe estean relacionados co desenvolvemento psicolóxico, o ritmo evolutivo e as capacidades e contidos adquiridos previamente polas alumnas e alumnos. De calquera xeito, é preferible aprender poucos conceptos e facelo de xeito rigoroso e non moitos de maneira superficial, como sucede coa aprendizaxe memorística asinificativa.

Tamén se proporán preguntas que supoñan un revulsivo para as/os estudantes e que

incrementen a súa atención por medio da interacción co/coa docente. É moi relevante para o profesor/a a premisa de "ensinar a aprender" segundo a cal, a aprendizaxe é un proceso que se desenvolve ao longo da vida, por iso correspóndelle á/ao docente ir dotando o seu alumnado dunha progresiva autonomía que lle permita "aprender a aprender", a buscaren por si mesmos a información que teñen ao seu alcance para que o día de mañá saiban desenvolverse. Por outra banda, é preciso sinalar que sería moi efectivo crear unha liña metodolóxica común entre todos os membros do Departamento de Lingua Galega ao longo de toda a etapa, para evitar cambios ou desaxustes bruscos na/o alumna/o ao mudar de curso. Para iso, é indispensable a estreita cooperación de todos os compoñentes do Departamento.

LIÑAS METODOLÓXICAS:

O principal propósito que se procura é mellorar a competencia comunicativa en lingua galega. Non esquezamos que a clase de lingua estivo tradicionalmente orientada, na meirande parte dos casos, á realización dunha serie de actividades pouco motivadoras, encamiñadas a conseguir uns contidos formais que dificilmente teñen relación co uso real da lingua.

Sabemos que o desenvolvemento intelectual pode ser acelerado mediante o emprego de determinadas estratexias didácticas, por iso, a metodoloxía de ensino en Lingua Galega e Literatura tratará de ser o máis activa posible e alternará traballos individuais con traballos cooperativos que melloren os vínculos entre o alumnado e mesmo favorezan as relacións interculturais, por suposto, incluíndo na mesma liña a ensinanza por competencias. Segundo a Teoría de Intelixencias Múltiples de Gardner existen diferentes estilos de aprendizaxe, por conseguinte, tratarase na medida do posible de atender os diferentes ritmos para que todo o alumnado vaia adquirindo os coñecementos básicos.

Outra cuestión a ter en conta é o traballo da oralidade, pois en boa parte dos casos o uso da lingua polos rapaces e rapazas queda relegado a unha práctica ritual forzada polas clases de Lingua Galega e as outras materias que se imparten obrigatoriamente en galego. Por outra parte, somos moi conscientes de que a propia actitude do profesorado inflúe na motivación e rendemento do alumnado, pois como sinalou Jurjo Torres Santomé na súa teoría sobre o currículo oculto, en moitos aspectos, os valores transmitidos informalmente dende as aulas poden ter efectos moito máis determinantes e poderosos que os contidos curriculares explícitos. Teremos isto en conta para que non se produza ningún tipo de desaxuste na conformación do autoconceito nin na traxectoria académica do alumnado.

LIÑAS DE ACTUACIÓN NO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE:

-O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e que o capaciten para

acceder á formación superior ou ao futuro profesional de forma competente.

-A realización de tarefas complexas, de xeito que o alumnado teña que mobilizar un amplo conxunto de recursos e saberes para afrontar con éxito as diferentes situacións comunicativas e sexa quen de responder aos retos da sociedade do século XXI, que require persoas cultas, críticas e ben informadas.

-O deseño de proxectos significativos para o alumnado, baseados en contextos recoñecibles, que contemplan, se for posible, as súas vivencias particulares e o reforzo do seu compromiso co desenvolvemento sostible, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática. A análise do sexismo na publicidade, a comparación de escenas de películas, a elaboración de trípticos... servirían como exemplos que hai que seguir.

-O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta e a súa capacidade para se relacionar cos demais, estimulando o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

-A énfase na atención á diversidade, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades ou de tarefas de ampliación para aquel alumnado que precise aprofundar máis nos contidos.

-Uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento. A adquisición destas destrezas pode acadarse a través da lectura de distintos tipos de textos, da súa comprensión e da reflexión arredor deles.

-O desenvolvemento gradual e progresivo dos obxectivos e dos contidos de maneira que, alén de incrementar a dificultade dos procesos e situacións comunicativas, tamén se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma.

-A potenciación da reflexión interlingüística, centrada especialmente na lingua galega e portuguesa e mais nas súas respectivas variantes. Os coñecementos básicos de portugués adquiridos na educación secundaria obrigatoria e en primeiro de bacharelato; así como as novas aprendizaxes sobre as súas variedades noutros territorios serán o punto de partida para desenvolver estratexias que, alén de facilitaren a intercomunicación nos dous idiomas, favorezan a adquisición doutras habilidades que, como a mediación, poden resultar moi útiles na futura traxectoria profesional da mocidade galega. Con este fin, os centros educativos, a través do profesorado de

Lingua Galega, o equipo de dinamización da lingua galega, a biblioteca ou outros departamentos, poderán promover actuacións que, de xeito presencial ou virtual, propicien os intercambios lingüísticos entre o alumnado galego e lusófono (encontros, concursos, festivais...).

-Traballo interdisciplinario e a coordinación con outros departamentos e equipos do centro, especialmente co equipo de dinamización da lingua galega e o equipo de biblioteca como mellor vía para promover actuacións tanto de xeito presencial como virtual: saídas didácticas, exposicións, espectáculos...

-A proposta de lectura de obras que, alén de ampliar os ámbitos de coñecemento do alumnado e de melloraren o seu nivel de capacidade verbal, promovan a defensa de valores socioculturais e éticos (dereitos humanos, conciencia ambiental, benestar animal...).

-A recomendación de lecturas en soportes variados, enmarcando as obras nos xéneros literarios e evitando a memorización descontextualizada dun conxunto de características, autores e títulos de obras.

-A énfase nas estratexias que fomenten a oralidade e as competencias activas co fin de que o alumnado adquira os recursos necesarios para se expresar correctamente nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais) para que, unha vez rematado o bacharelato, xa alcanzase, entre outros, o dominio do sistema fonético-fonolóxico do galego. Entre o amplo abano de actuacións que contribúen ao desenvolvemento desta destreza, están o cinema, as dramatizacións e representacións teatrais, a radio coas súas múltiples posibilidades (informativos, publicidade, teatro radiofónico...), a música (rap, poemas musicados...) e todo tipo de iniciativas en formato audiovisual.

-O cultivo da sensibilidade estética e cultural do alumnado para que sexa quen de apreciar a beleza das obras literarias e para fomentar o enriquecemento do seu acervo cultural e das súas posibilidades de expresión, a través, por exemplo, da realización de exposicións, comentarios, adaptacións audiovisuais de relatos etc.

-O desenvolvemento da competencia dixital en lingua galega a través das TIC e o coñecemento de recursos dixitais que faciliten a procura de información, a revisión dos textos e a súa posterior divulgación, sempre respectando os dereitos da propiedade intelectual.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ausubel, David (1976). <i>Psicología Educativa. Un punto de vista cognoscitivo</i> . México: Trillas.
Bastons Vilallonga, Núria, Bernardó Fernández, Cristina, Comajoan Colomé, Llorenç (2011). <i>Gramàtica Pràctica del català</i> . Barcelona. Teide
Beltrán Carballeira, Ramón X. (2019). <i>Manual práctico de galego</i> . A Coruña: Baía Edicións.
Dosil, Benxamín (2021). <i>Manual de uso da lingua galega</i> . Vigo: Xerais.
Dosil, Benxamín (2015). <i>Escrita doada: consellos para redactar ben</i> . Vigo: Xerais.
Feixó Cid, Xosé G. (2021). <i>Gramática da lingua galega. Síntese práctica (6ª Edición)</i> . Vigo: Xerais.
Fernández Rei, Francisco (2003). <i>Dialectoloxía da lingua galega</i> . Vigo: Xerais de Galicia.
Fernández Salgado, Benigno (Dir.) (2004). <i>Dicionario Galaxia de usos e dificultades da Lingua Galega</i> . Vigo. Galaxia.
Ferreiro, Manuel (2001). <i>Gramática Histórica Galega. II. Lexicoloxía</i> . Santiago: Laiovento.
Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2013). <i>Estilística da Lingua Galega</i> . Vigo: Xerais de Galicia
Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2020). <i>Idioma e sociedade. Sobre normalización e planificación da lingua galega</i> . Santiago: Laiovento.
González, M. F.; Requeixo, A. & Axeitos, X. L. (1996). (Ed. lit.) . <i>A soldadeira</i> . Obra teatral de Luís Seoane. Sada: Edicións do Castro.
Gutiérrez Izquierdo, Ramón (2000). <i>Lecturas de nós. Introducción á Literatura galega</i> . Vigo: Xerais.
López Viñas, Xoán; Lourenço Módia, Cilha & Moreda Leirado, Marisa (2011). (2ª Ed. Corrixida). <i>Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión</i> . A Coruña: Baía Edicións.
Losada Vicente, Xosé Ricardo (2018). <i>Manuel Antonio: vida e misterio dun poeta galego</i> . Vigo: Galaxia.
Méndez Álvarez, Mª Xesús (2004). <i>Ortografía da Lingua Galega</i> . Vigo: Xerais de Galicia.
Monteagudo, Henrique (2017). <i>Historia social da lingua galega: idioma, sociedade e cultura a través do tempo</i> . Vigo: Galaxia.
Monteagudo, Henrique (2021). <i>O Idioma galego baixo o franquismo. Da resistencia á normalización</i> . Vigo: Galaxia.
Novo Folgueira, Paulino (1999). <i>Dicionario de uso para a comunicación</i> . Vigo: Xerais de Galicia.
Pena, Xosé Ramón (2016). <i>Historia da Literatura Galega III. De 1916 a 1936</i> . Vigo: Xerais.
Pena, Xosé Ramón (2019). <i>Historia da Literatura Galega IV. De 1936 a 1975. A "longa noite"</i> . Vigo: Xerais.
Regueira, Xosé Luís (2010). <i>Dicionario de pronuncia da lingua galega</i> . A Coruña: Real Academia Galega.
Rodríguez Carnota, Miguel (2022). <i>Lingua, poder e adolescencia</i> . Vigo: Xerais
Rosales Cereijo, Manuel (2002). <i>A linguaxe literaria. Guía de recursos para a análise textual</i> . Vigo: Xerais de Galicia
Torres Santomé, Jurjo (1995). <i>O Curriculum oculto</i> . Portugal: Porto.

Vázquez Freire, Miguel (1992). O Curriculum. Vigo: Edicións Xerais de Galicia

Yáñez, Antía (2018). Senlleiras. Vigo: Galaxia.

As aulas e a biblioteca son os lugares en que o alumnado ten ao seu alcance a maioría dos recursos e materiais do centro (pantalla dixital, canón, computador fixo, computadores portátiles, conexión á Internet, encerado dixital e impresora 3D).

A biblioteca ofrece, ademais de obras de lectura, libros de texto, mapas, revistas, xornais, recursos dixitais para consultar información, realizar traballos de investigación etc. (computadores, impresoras, mesas e cadeiras apropiadas...)

Tamén se deben contemplar, tal como se especifica no artigo 78 da Orde do 8 de setembro de 2021, a necesidade de materiais axeitados para a atención á diversidade. O centro dispón dunha equipación adecuada para todo o alumnado, mesmo para aquel que teña dificultades de accesibilidade ás súas instalacións (cadeiras de rodas, elevadores, muletas etc.)

Se se precisa algún outro material complementario adaptado a este tipo de alumnado, será solicitado á Consellería a través dos informes correspondentes.

Outros recursos didácticos:

- Aulas Galegas: <https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/>
- Dicionario castelán-galego, Rinoceronte Editora: <https://rinoceronte.gal/diccionario/>
- Dicionario da Real Academia Galega: <http://www.realacademiagalega.org/diccionario#inicio.do>
- Dicionario de pronuncia da lingua galega: <http://ilg.usc.es/pronuncia/>
- Dicionario visual interactivo: www.edu.xunta.es/contidos/diccionariovisual/diccionario.html
- O Portal das Palabras, Real Academia Galega e Fundación Barrié: <http://www.portaldaspalabras.org/>
- O ximnasio dos verbos: https://www.lingua.gal/recursos/para-aprender-o-galego/_aprendelo/contido_0123/ximnasio-dos-verbos
- Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG), RAG / ILG, Galaxia: <http://www.realacademiagalega.org/recursos-volg>

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso.

Será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico da alumna ou alumno no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado poida coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel.

Alén diso, a avaliación inicial constitúe un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que for necesario, para demandar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

Esta proba, que poderá partir dun texto literario, xornalístico etc. constará das seguintes partes:

- Comprensión oral. O alumnado deberá responder, a partir da escoita ou visionado dun audio ou vídeo, a preguntas sobre o seu contido.
- Comprensión escrita. O alumnado deberá contestar a preguntas pechadas sobre o contido dun texto escrito.
- Producción oral. O alumnado realizará intervencións orais a respecto dos contidos e/ou temática do audio ou vídeo proposto.
- Producción escrita. O alumnado realizará unha pequena composición escrita sobre o contido e/ou temática do audio ou vídeo proposto.

Á parte disto, a proba incluírá diversas cuestións relacionadas coa reflexión sobre a lingua, a sociolingüística, a literatura e os hábitos lectores referidos ao aprendido en 1º de Bacharelato.

Se fose posible, poderíase pasar un test sociométrico cuxos resultados nos servirán á hora de facer os agrupamentos para as diferentes actividades do curso.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	10	10	10	10	20	100
Proba escrita	100	100	100	100	100	100	100	100	60	92
Táboa de indicadores	0	0	0	0	0	0	0	0	40	8

Criterios de cualificación:

Criterios de avaliación, cualificación e promoción:

Cada avaliación constará dos catro bloques establecidas na ABAU, que se avaliarán en dúas probas distribuídas en diferentes datas.

Tarefas: 10%. Participación na aula, entrega de traballos, comentarios...

Probas escritas: 90%.

A avaliación será continua, polo que o valor de cada avaliación irá incrementándose con respecto á anterior e non se farán recuperacións de cada unha das avaliacións:

-1ª aval.: 20%.

-2ª aval.: 30%.

-3ª aval.: 50%.

Descrición das probas de contidos dos bloques:

Exame de teoría (literatura e sociolingüística) pesará na avaliación o 45%. Será avaliación continua. O exame puntuarase sobre 10, repartindo a puntuación do seguinte xeito:

-5 puntos do tema literario a desenvolver.

-5 puntos do tema de sociolingüística a desenvolver.

Exame de práctica (conceptos gramaticais terá un valor do 45%):

O exame puntuarase sobre 10 e contará coas seguintes preguntas:

-Resumo/esquema/estrutura

-Definicións, preguntas sobre o texto, etc.

-Argumentación

-Práctica: con contidos de léxico, semántica e morfosintaxe...

As faltas descontarán ata 2 puntos como máximo en cada exame seguindo os criterios ABAU:

-Moi graves: Desconto 0'2 puntos c/u. Solucións alleas ao sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación dos clíticos...).

-Graves: Desconto 0'1 puntos c/u. Solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h, y), acentuación diacrítica...

-Leves: Desconto 0'05 puntos c/u. Solucións galegas alleas ao estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Contraccións non realizadas.

Nota:

A nota a partir da cal se considera o aprobado é 5 tanto para cada avaliación como para facer a media final atendendo ás porcentaxes outorgadas. Porén, o alumnado que suspenda dúas avaliacións deberá presentarse a unha recuperación final na que entra toda a materia nun único exame que seguirá o modelo das probas ABAU (de tratarse das dúas primeiras avaliacións, deberá sacar unha nota superior ao 6 na 3ª avaliación para evitar ir á recuperación (por considerarmos que esta xa inclúe todos os contidos dados ao longo do curso).

Criterios de recuperación:

Nota:

A nota a partir da cal se considera o aprobado é 5 tanto para cada avaliación como para facer a media final atendendo ás porcentaxes outorgadas. Porén, o alumnado que suspenda dúas avaliacións deberá presentarse a unha recuperación final na que entra toda a materia nun único exame que seguirá o modelo das probas ABAU (de tratarse das dúas primeiras avaliacións, deberá sacar unha nota superior ao 6 na 3ª avaliación para evitar ir á recuperación (por considerarmos que esta xa inclúe todos os contidos dados ao longo do curso).

6. Medidas de atención á diversidade

De conformidade co artigo 3 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, as medidas de atención á diversidade que deben atender ao principio de inclusión educativa enténdese como «o conxunto de accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado».

Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e o bacharelato e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

Segundo o artigo 49 da Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, as Administracións educativas asegurarán os recursos necesarios para os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar; para que poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

Aínda que no momento da elaboración desta PD non se coñece a natureza dos alumnos e alumnas que cursarán esta materia, e aínda pendentes da avaliación inicial, logo de analizar os informes do centro de procedencia e da información facilitada polo orientador/a, espérase contar cunha alumna que constitúe un caso de incorporación tardía ao sistema educativo, xa que chegou en xuño de 2023 de Cuba e vive cos seus avós, mentres que seus pais continúan traballando nese país. Ademais, presenta dificultades para lograr os obxectivos e as competencias propios da súa idade debido ao descoñecemento que amosa da lingua galega.

Neste caso, terase en conta o artigo 10 da Orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade que inclúe os seguintes puntos:

1. Unha alumna ou un alumno presentan necesidade específica de apoio educativo por incorporación tardía ao sistema educativo cando, por procederen doutros países ou por calquera outro motivo xustificando, se escolarizan tardiamente no noso sistema educativo e presentan dificultades para acadaren os obxectivos e as competencias que lles corresponderían pola súa idade. Esas dificultades maniféstanse, especialmente, no descoñecemento dalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou no desfasamento curricular.

2. Os centros docentes garantirán que a escolarización do alumnado que acceda de xeito tardío ao sistema educativo galego se realice atendendo ás súas circunstancias, ás súas competencias, á súa idade e ao seu historial académico, de maneira que se incorpore ao curso máis adecuado ás súas características e ao seu nivel de competencia, cos apoios oportunos, co fin de continuar con aproveitamento a súa educación. Os centros docentes informarán e asesorarán as nais, os pais ou as persoas titoras legais sobre os dereitos, os deberes e as oportunidades que comporta a incorporación ao sistema educativo galego. Á parte disto, tamén poderá optar a unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de Lingua Galega durante un máximo de dous cursos escolares consecutivos, segundo o disposto na Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega.

A nivel metodolóxico, durante o desenvolvemento da clase de Lingua Galega, faráselle un reforzo na aula con exercicios adaptados que irán progresivamente incrementado o grao de complexidade para que poida ir seguindo, na medida do posible, o ritmo do resto da clase.

Amais disto, ao longo de cada unidade, proporánselle actividades de reforzo e consolidación en Lingua Galega dos contidos impartidos na aula.

Aplicaranse metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos para potenciar a zona de desenvolvemento próximo, favorecerase a titoría entre iguais, a aprendizaxe por proxectos (nesta programación didáctica figuran tres proxectos ao longo do curso) e outras medidas que promovan a súa inclusión.

Á parte disto, terán prioridade os métodos que favorezan a expresión directa e a comunicación, como por exemplo, a argumentación oral formal (véxase unidade 3), o intercambio de gustos lectores a través de conversas literarias na biblioteca (unidade 3). Introduciranse contidos relacionados coa diversidade sociocultural e persoal.

Tamén se espera contar cun alumno que repite 2º de Bacharelato. A este alumno aplicaráselle o plan específico personalizado para o alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso, segundo o artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade .

Este plan ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades do alumno para tratar de superar as dificultades detectadas. Elaborarao o equipo docente, baixo a coordinación do profesor/a titor/a, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos, as seguintes partes:

- a) Identificación do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

Posteriormente, en cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

Segundo o disposto no artigo 13.4. da Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, en caso de non superar algunha materia, logo da avaliación final do período ordinario, coa finalidade de lle facilitar a súa recuperación, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar.

Por outra parte, as actuacións metodolóxicas que se leven a cabo neste caso teñen que ir orientadas a elaborar actividades que teñan diferentes graos de realización, introducíranse unha ampla variedade de actividades individuais, que se adecúen ao ritmo de traballo de todo o alumnado, con especial atención a este caso. Tamén é preciso situar o alumno preto da mesa da/o docente para poder prestarlle unha atención individualizada. Realizaránselle actividades de reforzo e consolidación en cada unidade didáctica. Desenvolverase unha avaliación formativa orientada a valorar o proceso e o avance na consecución dos obxectivos.

No Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro educativo deberán concretarse as medidas que se tomen en Bacharelato co alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.

Como se pode apreciar nestes dous casos de NEAE, estas son medidas de carácter

ordinario que teñen o propósito de prestar unha atención educativa de calidade, inclusiva e para a diversidade, e non repercuten nos obxectivos, contidos, nin nos criterios de avaliación.

No caso de que ao longo do curso se matricule algún alumno ou alumna con algunha destas problemáticas: dislexia, discapacidade auditiva, TEA, altas capacidades, Down ou discapacidade intelectual, TDAH, absentismo, atención temperá seguiranse os protocolos establecidos pola Consellería.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.				X	X	X	X	
ET.4 - Competencia dixital.				X	X	X	X	
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.			X		X			X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.		X		X	X		X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.			X			X		
ET.8 - Creatividade.			X	X		X		
ET.9 - Igualdade de xénero.	X							
ET.10 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.				X		X		
ET.11 - Pluralidade lingüística.	X	X			X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora.	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	
ET.4 - Competencia dixital.	X

	UD 9
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	
ET.7 - Educación emocional e en valores.	
ET.8 - Creatividade.	
ET.9 - Igualdade de xénero.	
ET.10 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.	X
ET.11 - Pluralidade lingüística.	

Observacións:

O Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, establece que en todas as materias e, polo tanto, en Lingua Galega e Literatura de 2º de bacharelato, se traballarán os seguintes elementos transversais:

- a comprensión lectora
- a expresión oral e escrita
- a comunicación audiovisual
- a competencia dixital
- o emprendemento social e empresarial
- o fomento do espírito crítico e científico
- a educación emocional e en valores
- a igualdade de xénero
- a creatividade.

Amais dos elementos transversais indicados anteriormente, segundo o artigo 19.2 do citado Decreto, «promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social [...] e a pluralidade». Por último, atendendo ao artigo 19.3., «evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero».

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Roteiro por Rianxo.	Na primeira avaliación, coincidindo coa unidade 2, realizarase un roteiro por esta vila literaria no que se visitarán as casas natis dos autores rianxeiros: Manuel Antonio, Castelao e Rafael Dieste.			
Visita a Celanova.	Na segunda avaliación, coincidindo coa unidade 4, iremos a Celanova á Casa dos poetas que acolle unha exposición didáctica permanente sobre Celso Emilio Ferreiro.			
Asistencia á representación teatral, "Fillos do sol".	Na terceira avaliación e, nomeadamente, durante o desenvolvemento da unidade 9, o alumnado asistirá á representación da obra de teatro contemporáneo, "Fillos do sol". Nesta obra temos a un octoxenario Eduardo Pondal aflixido pola neurose no ocaso da súa vida onde se enfronta a medos, dúbidas e insatisfaccións creativas arredor da obsesión pola súa obra capital, "Os Eoas".			

Observacións:

Cómpre ter en conta que todas estas actividades teñen relación directa coa materia, polo que non se considerarán nin se inclúen aquí as actividades complementarias organizadas polo centro.

O número de actividades complementarias programadas non excederá das tres por curso, unha por trimestre. As que se desenvolven fóra do centro, contarán co permiso por escrito da nai, do pai ou dos titores legais e deberán figurar na PXA do centro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1. Propiciouse un ambiente motivador na aula.
2. Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas tanto culturais, como de procedencia.
3. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes.
4. Logo de realizarse a avaliación inicial e de recibir a información transmitida polo Departamento de Orientación, mantívose o seguimento personalizado de todo o alumnado ao longo do curso.
5. O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación establecidos.
6. As explicacións foron claras e amenas e as exemplificacións sinxelas e comprensibles.
7. Respectouse a puntualidade á hora de entrar na aula e mostrouse unha actitude entusiasta e dinámica.
8. O profesorado mantívose actualizado tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da súa materia como no ámbito das novas tecnoloxías.
9. Existiu un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias.
10. Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos (EDLG, a Biblioteca, Club de Ciencia etc.).

11. Estableceuse unha comunicación continuada co alumnado imposibilitado para asistir temporalmente ao centro: atención domiciliaria, hospitalización etc., a través da aula virtual ou doutras comunicacións telemáticas.
12. Consegúronse adecuar as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas de acordo á súa temporalización.
13. Mantívose a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e mínimos de consecución
14. Os procedementos, criterios e instrumentos de avaliación utilizados foron os adecuados.
15. Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.
6. Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidoras/es, ACS, reforzos.
17. Participouse no Proxecto lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.).
18. Asistiuse ás reunións de departamento achegando ideas, información e modificacións á PD, avaliando os resultados das avaliacións do alumnado e propondo mecanismos de mellora.
19. Analizouse a cualificación do alumnado e valoráronse as porcentaxes de alumnado que superou e non superou a materia.
20. Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula
21. As probas de avaliación foron corrixidas no prazo establecido, entregadas ao alumnado, analizadas e comentadas na clase.
22. Mantívose contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensino- aprendizaxe das fillas ou fillos.
23. Pasóuselle ao alumnado un cuestionario-enquisa a respecto da práctica docente do profesor ou profesora.
24. Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua galega habitualmente na clase co profesor ou profesora e cos seus compañeiros e compañeiras.

Descrición:

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a súa práctica docente. Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes".

Estes indicadores xiran arredor de tres aspectos: o referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do establecido na programación didáctica.

Os ditos indicadores de logro valoráranse nunha escala de 0 a 5 e os seus resultados deben ser inseridos dentro da memoria final.

Para recompilar información e elaborar os indicadores de logro poderanse utilizar os cuestionarios que lle foron proporcionados ao alumnado, mesmo ao final de cada trimestre e ao remate do curso.

Todos estes datos formarán parte de memoria final e deben terse en conta para que se

poidan corrixir as deficiencias detectadas na PD do próximo curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Alén diso, tivéronse en conta as propostas existentes na memoria do curso anterior.

Cumpríuse o prazo de entrega indicado normativamente.

A estrutura da PD incluíu os apartados que recolle a Resolución do 26 de maio de 2022 que se expresan a seguir:

-Introdución.

-Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias.

-Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, e que conteñen a parte do currículo da materia que se traballou e a relación dos instrumentos de avaliación.

-Metodoloxía, coas concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos.

-A avaliación, que refire o procedemento para a avaliación inicial, os criterios de cualificación coa indicación do mínimo de consecución para a superación da materia.

-Medidas de atención á diversidade.

-A concreción dos elementos transversais.

-As actividades complementarias.

-A práctica docente, que inclúe o procedemento para avaliar o proceso de ensino e a praxe docente cos seus indicadores de logro e o procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da propia programación didáctica.

Ademais, en previsión de calquera circunstancia, tipo COVID ou outras, achegouse unha addenda coas correspondentes modificacións, basicamente en canto a metodoloxía e indicadores de logro mínimos, por se fose necesaria unha atención virtual do alumnado.

O desenvolvemento da programación didáctica foi analizado e revisado na última reunión de departamento de cada trimestre.

Valorárase o grao de cumprimento da secuenciación e temporalización das respectivas unidades didácticas, e se o seu deseño se axustou aos distintos elementos do currículo.

Tamén se valorará se a metodoloxía seguida e se os materiais e recursos didácticos empregados estaban dando os resultados previstos.

En canto á avaliación, analizouse se o deseño das probas e os mecanismos para a súa realización foron os adecuados.

Revisáronse as medidas adoptadas a respecto do alumnado NEAE presente nas aulas.

Valorouse a pertinencia dos distintos elementos transversais e o grao de cumprimento e participación en actividades complementarias.

Analizouse se os mecanismos de información ás familias deron os resultados previstos e se foron útiles e adecuados.

Incluíuse a avaliación da práctica docente e da propia PD.

Para comprobar a aplicación adecuada da PD elaboráronse os indicadores de logro que se enumeran a continuación:

1. Conseguiuse acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.
2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.
3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.
4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.
5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.
6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.
7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (seguindo os correspondentes protocolos de actuación).
8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.
9. A materia contribuíu aos distintos Plans do centro: proxecto lingüístico, proxecto lector, TIC, Convivencia...
10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.
11. Avaliouse a PD aplicando unha escala de 1 a 5 a respecto do seu cumprimento.

12. Establecéronse propostas de mellora das deficiencias observadas na aplicación da PD.

Estas propostas foron incluídas na memoria final do Departamento.

Na última reunión do Departamento didáctico recolleranse todas as modificacións ou adaptacións feitas ao longo do curso e, en consecuencia, a incorporación das propostas de mellora; incluíranse na memoria final do Departamento para seren tidas en conta na PD do próximo curso e serán transmitidas e expostas, se for o caso, na primeira reunión que celebre a Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Por último, hai que sinalar que tamén se fará o seguimento a través da aplicación PROENS.

9. Outros apartados